

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Orense, informa o seguinte:

1.- Que o 29 de setembro de 1976, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, tomou o acordo de clasificar como tal o monte denominado "Aguioncha, Cebreiro e Gorbelliña", pertencente os veciños do lugar de Feás, da parroquia de Feás, no municipio de Calvos de Randín, e consorciada parte da súa superficie no denominado "Serois, Feás, Paradela e Outros." (OR-3077), aprobado o 12-6-1961.

2º.- Que o 22 de marzo de 1995, a comunidade de Feás, reunida en asemblea xeral, tomou o acordo de:

a) Solicitar da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, que se anule o consorcio vixente (parte do OR-3077) na parte afectada do monte comunal, para a súa transformación a convenio.

b) Autorizar ó seu Presidente para sinatura do mesmo.

3º.- Que o monte de "Aguioncha, Cebreiro e Gorbelliña" do convenio que se propñe, queda constituido por 382 Has. integradas por:

-370,95 Há. do consorcio OR-3077.

- 11,05 Ha. de nova aportación.

Os veciños de Feás consideran que ó seu monte posúe maior superficie, entrando na parte agora clasificada por o Xurado como dos veciños de Serois, polo que queren que conste que a sinatura do convenio non significa a renuncia a ós posibles dereitos sobre o resto dos terreos.

4°.- Que a superficie do monte consorciado que afecta a este convenio é de 982,28 Has.

É por isto que para a distribución de gastos e ingresos correspondentes ós veciños de Feás, tendrá que multiplicarse a conta do consorcio polo coeficiente.

$$0,37 = \frac{370,95 \text{ Ha.}}{982,28 \text{ Há.}} \text{ para o consorcio OR-3077}$$

5°.- que o novo convenio estará consituido por:

- Superficie total: 382 Ha.
- Superficie arboada: 356 Ha. de *P. sylvestris* de distintas edades e 9 Ha. de *Quercus pyrenaica*.
- Superficie rasa: 17 Há.
- Enclavados: uno de aproximadamente 2,2 Ha., a superficie xa está descontada do total.
- Servidumbres: as usuais de paso.

6°.- Que o Estado de contas do consorcio denominado:

Serois, Feás, Paradela e outros, OR-3077 é o seguinte:

Gastos:

- de 1961 a 1976 = 5.311.932,97 ptas.
- de 1977 a 1994 = 20.248.390,00 "
- de 1995 = este gasto é exclusivo de cada monte veciñal xa que as propostas de este ano fixéronse desglosadas por montes. Se gastó en Aguioncha, Cebreiro de Gorbeliña = 1.480.028 ptas.
- de 1996: aún non se realizaron obras.

Ingresos:

- de 1961 a 1976 = 0 ptas.
- de 1977 a 1994 = 0 ptas.
- de 1995 = 36.000 ptas.

7°.- Que o estado de gastos e ingresos do monte "Aguioncha, Cebreiro e Gorbeliña" procedentes do consorcio OR-3077, obtidos de multiplicar os gastos e ingresos polo coeficiente 0,37 ata o ano 1994.

Gastos:

- de 1961 a 1976 = 1.965.415.-Ptas.
- de 1977 a 1994 = 7.491.904.- "
- SUBTOTAL = 9.457.319.-Ptas
- de 1995 = 1.480.028.- "

TOTAL..... 10.937.347.-Pts.

Ingresos:

- de 1975 = 13.320.-Pts.

8°.- Que para obte-lo saldo do monte, desglosamos dende a sinatura dos consorcios ata o ano da clasificación, e de éste o actual:

A) De 1961 a 1976:

- Gastos: 1.965.415.-Ptas.
- Administración 7,85% 154.285.- "
- Gardería 465 pts./Ha. x 370,95 172.492.- "
- TOTAL 2.292.192.-Ptas.

Ingresos: 0.-Ptas

Saldo = Ingresos - Gastos = 0 - 2.292.192 = 2.292.192.- Ptas.

O saldo é negativo, pero por aplicación da Disposición Adicional segunda da lei 13/89, de 100 de outubro do Parlamento de Galicia, condóaselle a débeda.

B) De 1977 a 1995:

Gastos de 1977 a 1994	7.491.904.-Ptas.
Gastos de 1995	<u>1.480.028.- "</u>
SUBTOTAL.....	8.971.932.-Ptas.
Administración:7,85%.....	704.297.-Ptas.
Gardería 870pts./Ha.x 370,95..	<u>322.726.-Ptas.</u>
TOTAL.....	9.998.955.-Ptas.

Ingresos: 13.320.-Pts.

Saldo = Ingresos - Gastos = 13.320 - 9.998.955.- Ptas.

C) Teniendo en conta ambos períodos, obtemos para o monte "Aguioncha, Cebreiro e Gorbeliña", dos veciños de Feás, un saldo negativo de 9.985.635.- Ptas.

Á vista do anterior se propoñe:

1º- que se aprobe o Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "Aguioncha, Cebreiro e Gorbeliña".

Elenco: 3215593.

Superficie: 382 Hás.

Pertenza:Veciños de Feás.

Concello: Calvos de Randín.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación de Consellería no voo creado: 30%.
Saldo inicial da conta de gastos: 9.985.635.-Ptas.
Saldo inicial da conta de ingresos: 0.- Ptas.

2º.- Que no sucesivo o consorcio OR-3077 teña as seguintes características:

Nome: "Serois, Feás, Paradela e outros."
Elenco OR-3077.
Superficie: 611,33 Ha.
Pertenza: Veciños de Feás, Lomear, Rioseco, Lobás e Silvoso.
Concello: Calvos de Randín.
A descontar da conta de gastos: 10.937.347.-Ptas.
A descontar da conta de ingresos: 13.320.-Ptas.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación parcial do consorcio OR-3077 do monte "SEROIS, FEAS, PARADELA E OUTROS" nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e a Comunidade de veciños de Feas (concello de Calvos de Randín), propietaria do monte "AGUIONCHA, CEBREIRO E GORBELIÑA", integrado por 370,95 Has. do citado monte consorciado e 11,05 Has. do nova aportación, e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 1996.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: María Díz Rodríguez.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "Aguioncha, Cebreiro e Gorbeliña".

Elenco: 3215593.

Superficie: 382 Has.

Pertenza. Veciños de Feás.

Concello: Calvos de Randín.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1% anual.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial da conta de gastos: 9.985.635.-
Ptas.

Saldo inicial da conta de ingresos: 0.-Ptas.

2º.- Que no sucesivo o consorcio OR-3077 teña as seguintes características:

Nome: "Serois, Feás, Paradela e Outros".

Elenco: OR-3077.

Superficie: 611,33 Ha.

Pertenza: Veciños de Feás, Lomear, Rioseco, Lobás e Silvoso.

Concello: Calvos de Randín.

A descontar da conta de gastos: 10.937.347.-Ptas.

A descontar da conta de ingresos: 13.320.-Ptas.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	321	5593
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, por Delegación do Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da : Orde do 13 de decembro de 1.993

Da outra, D. José Pérez Galante como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común AGUIONCHA, CEBREIRO Y GORBELIÑA , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 12 de xuño de 1.964. para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) ~~A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a lugar de Feás, parroquia de Feás, no Concello de Calvos de Randín.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Aguióncha, Cebreiro y Gorbeliña

Termo municipal: Calvos de Randín

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal: Monte vecinal en mano común

Límites: Según plano adjunto

N.: Monte Peniza de Lobas y Monte de Serois

S.: Montes de Rubiás y Paradela

L.: Montes de Meaus (Concello de Blancos y Baltar)

O.: Monte Churrión de Rioseco y fincas particulares que lo separan del Monte Fachado que está mancomunado con Feás, Lomear y Rioseco.

Superficie: 382 Ha.

Estado forestal: Repoblado con *P. sylvestris* de distintas edades en 356 Ha., 9 Ha. de *Quercus pyrenaica* y 17 Has. rasas.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: 9 Ha. de *Quercus pyrenaica*

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 356 Ha. de *P. sylvestris*.

Sen vexetación arbórea: 17 Ha.

Servidumes: las de paso compatibles con la repoblación

3ª.— O chan continuará pertencendo a os veciños de Feás

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) ~~O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existe).~~

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: parte del denominado "Serois, Feás, Paradela y otros" OR-3077

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o treinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de Ochenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Pinus sylvestris y otros.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don José Manuel Baltar, encargado
da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade
propietaria do monte veciñal en man común Aguióncha, Cebreiro y Gorbeliña, del Concello de
Calvos de Randín

2.— Que, así mesmo, figura Don José Pérez Galante, e
Don José Manuel Fernández Rey, como presidente e secretario,
respectivamente, da xunta rectora, deica

E para que conste, expido a presente certificación
a de de 199

Don José Manuel Fernández Rey, Secretario
de la Junta Rectora de Feás

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta
comunidad, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o
día 22 de Marzo de 1.995 estando designado
Don José Pérez Galante
representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en FEAS

a cuatro de junio de mil
novecentos noventa e seis

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.:

Asdo.:

D. ~~CARLOS DE VALAMAXIMEX~~ **TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS**, Director
Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia,
dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

D. José Pérez Galante

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, O CONSELLEIRO,
Orde 13- Diciembre do 1.993 O SECRETARIO XERAL;
D. Antonio Luis Rosón Pérez